

A ideoloxía político-social de Rosalía: raíz do seu pesimismo existencial

Catherine Davies

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

DAVIES, CATHERINE (2011 [1986]). “A ideoloxía político-social de Rosalía: raíz do seu pesimismo existencial”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 299-306. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1575>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

DAVIES, CATHERINE (1986). “A ideoloxía político-social de Rosalía: raíz do seu pesimismo existencial”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 299-306.

- * Edición dispoñíbel desde o 23 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A IDEOLOXÍA POLÍTICO-SOCIAL DE ROSALÍA: RAÍZ DO SEU PESIMISMO EXISTENCIAL

CATHERINE DAVIES
University of St. Andrews

Sen dúbida a poesía de *Follas Novas* e *En las orillas del Sar* ofrece ó lector unha visión pesimista da vida. O pesimismo, ou tendencia a xulga-las cousas polo lado máis desfavorable, é nesta poesía un xeito de valora-la vida e polo tanto é unha actitude máis que un tema. Como valoración ou actitude cabe dentro dun sistema de crenzas e aspiracións, digamos, dentro dunha ideoloxía (1).

Hai dúas maneiras de enfoca-lo pesimismo como constitutivo dunha ideoloxía. En principio pódese considera-lo artificio poético enraizado nunha convención literaria como a romántica. Neste caso o pesimismo sería expresión dunha estética (2) predominante ou marxinal, nova ou caduca. Dende este enfoque analizaríase o pesimismo na poesía lírica conforme a un estudio dos estilos literarios, tomando moito en conta a función do narrador normalmente na primeira persoa e outros recursos formais.

Mais na poesía lírica o pesimismo tamén forma parte da visión do mundo, é o xeito de pensar e sentir do autor. O autor pódese considerar dende dous aspectos: o persoal e o social, como individuo con esperiencias únicas e unha sicoloxía idiosincrásica (o suxeito individual) (3) ou como individuo inmerso nun contorno social, compartindo as crenzas e os valores do sector con o que se sente máis identificado e rexeitando a mentalidade doutros sectores sociais coexistentes. Así o autor forma

(1) Ideoloxía co sentido que lle dá, sobre todo, Louis Althusser (en *Lenin and Philosophy and Other Essays*, New Left Books, London, 1971). Véxase, Terry Eagleton, *Literary Theory: An Introduction*, Basil Blackwell, Oxford, 1983, p. 172: ideoloxía "es mucho más sutil, penetrante e inconsciente que un conjunto de doutrinas explícitas; es el mismo 'medio' en que vivo y expreso mi relación con la sociedad, los signos y las prácticas sociales que me unen a la estructura social y me da un propósito coherente y una identidad". Véxase tamén, Catherine Belsey, *Critical Practice*, Methuen, London, 1980, pp. 42, 47 e Janet Wolff, *The Social Production of Art*, Macmillan, London, 1981, pp. 50-54.

(2) Terry Eagleton, *Criticism and Ideology*, New Left Books, London, 1976, pp. 58-63. Eagleton describe as relacións dialécticas entre unha ideoloxía xeral predominante (que depende do modo da produción dunha sociedade), a correspondente ideoloxía estética (que ten unha función na sociedade parecida á da relixión e a ética), a ideoloxía persoal do autor e o texto literario.

(3) Juan Ignacio Ferreras, *Fundamentos de sociología de la literatura*, Cátedra, Madrid, 1980, pp. 47-51.

parte do que Goldmann chama “o suxeito trãnsindividual” (4). Pero aínda que o autor como individuo estea mediado pola forma de pensar dun grupo social, “posee su propia autonomía que conviene esclarecer” (5). Entón, se por unha banda a poesía é expresión e o pesimismo síntoma da sicoloxía inconsciente do autor, por outra as dúas cousas teñen as súas raíces nunha visión do mundo colectiva mediada polas experiencias dunha biografía persoal.

Estes tres enfoques (o pesimismo relacionado a unha ideoloxía estética, a unha sicoloxía do inconsciente ou a unha conciencia colectiva) complementáanse. Pero no caso da obra de Rosalía é preciso agardar ata a década dos anos setenta para achar unha visión do mundo tan sistematicamente pesimista como para ser analizada dende as tres perspectivas. O pesimismo temperán de *La Flor*, segundo a maioría dos críticos (6), provén da convención literaria romántica sobre todo. E non é o pesimismo senón a rebeldía e o comentario social ás notas predominantes das outras obras temperás (“Lieders” 1858, *La hija del mar* 1859, “Las literatas” 1866, *El caballero de las botas azules* 1867).

Sen embargo, polo xeral insístese en ve-lo pesimismo da obra de Rosalía como expresión da sicoloxía inconsciente e da personalidade da autora (7). Dende logo, isto pode ser certo pero reconstrúese o carácter e a sicoloxía de Rosalía a partir da súa obra literaria e das súas cartas (8). Logo interprétase esta mesma obra segundo a caracterización resultante, o que é unha metodoloxía limitada. Para achegarse ó modo de pensar e sentir da autora, cómpre buscar datos concretos extratextuais, tanto históricos coma biográficos, que permitan relaciona-la cunha conciencia colectiva. Isto é o que se pretende facer neste traballo, aínda que de modo esquemático: descubri-las ideas de Rosalía acerca da sociedade e da política do seu tempo, pescuda-los que eran os seus valores ético-sociais e ver con cal sector social se identifica. Comprobarase que a ideoloxía de Rosalía xamais é ríxida ou doctrinaria. E máis ben unha visión do mundo que fluctúa segundo as circunstancias históricas. Sen embargo, Rosalía ten unha postura, unha actitude humanitaria clara e definitiva que cabe dentro da corrente liberal progresista-radical do século XIX en España. O fracaso desta corrente explica en grande medida o pesimismo tardío da autora.

A “burguesía revolucionaria” (9), que incluíu un destacado grupo de intelectuais e escritores, introduciu o progresismo radical en España durante a guerra da in-

(4) Lucien Goldmann, “The sociology of literature: status and problems of method”, *Internacional Social Science Journal* XIX, 4 (1967), pp. 493-516, especialmente pp. 497-501.

(5) Juan Ignacio Ferreras, *op. cit.*, p. 50.

(6) C.H. Poullain, *Rosalía Castro de Murguía y su obra literaria*, Editora Nacional, Madrid, 1974, p. 185 como exemplo. Cita a M.P. Tirrel, *La mística de la saudade*, Jura, Madrid, 1951, p. 261 tamén.

(7) Ricardo Carballo Calero, *Historia de la literatura gallega contemporánea*, Galaxia, Vigo, 1975, p. 196. Marina Mayoral, *La poesía de Rosalía de Castro*, Gredos, Madrid, 1974, pp. 298-299. J. Rof Carballo, “Rosalía. Anima Galaica” en *Siete Ensayos sobre Rosalía*, Galaxia, Vigo, 1952.

(8) Ricardo Carballo Calero, *op. cit.*, pp. 168-169.

(9) Miguel Artola, *La burguesía revolucionaria (1808-1874)*, Alianza, Madrid, 1976.

dependencia (1808-1814). Os liberais reformistas (progresistas, logo republicanos e demócratas) distinguíronse dos seus contemporáneos moderados e conservadores por propoñer, ademais dunha política constitucional, un sistema socio-económico máis representativo e xusto que alcanzaría a tódolos sectores da sociedade mediante a democracia e a descentralización. O progresismo intentou establecerse sen éxito, ó longo do século XIX. Chegou ó seu apoxeo coa revolución de 1868, “la última de las revoluciones liberal-burguesas” (10), y la República Federal de 1873. A caída da República significou o agotamento da alternativa radical. Despois da Restauración en 1875 non había quen puidese opoñerse ás forzas da tradición ata 1931 e mantívose en España un sistema socio-político corrompido e inxusto.

A vida de Rosalía abarca estes anos cruciais. Nacida en 1837, un ano despois de introducirense as leis desamortizadoras de Mendizabal que constitúen o paso primeiro no ascenso da nova burguesía capitalista, Rosalía morreu só uns meses antes de facele-lo primeiro rei restaurado, Alfonso XII. Tiña nove anos cando aconteceu o levantamento de 1846 en Galicia. Cumprira os dezasete cando estalou a Revolución de 1854, e trinta e un anos cando a Revolución de 1868. Ós trinta e sete viu cae-la República. Mais, ¿estes acontecementos afectárona? ¿Tomou partido, ou mantívose afastada da contenda secular entre o progreso e a tradición? Veremos que opinaba Rosalía e como reaccionou ante estes cambios bruscos.

Pódense distinguir tres períodos na vida de Rosalía; a súa vida de moza antes de casar; os anos constructivos e optimistas con Murguía durante os que participaba no incipiente movemento nacionalista galego; finalmente, os derradeiros dez anos de soidade e desilusión. Rosalía naceu dentro dunha das familias da antiga nobreza galega, desprazada e arruinada pouco a pouco durante o século XIX pola incursión da nova burguesía capitalista terratenente. Ó mesmo tempo, por ser filla sacrílega, criárase entre campesiños. Dende os seus primeiros anos identificouse cun mundo rural galego idealizado que era, para ela, unha comunidade harmoniosa onde non existían tensións sociais. Admira-la benevolencia paternalista dos señores mesmamente coa honestidade e a inocencia dos campesiños. Aprendeu a respecta-la xente pobre polas súas cualidades humanas. Todo isto opoñíase á mentalidade individualista, materialista da nova burguesía con que Rosalía non tivera contacto e que vía con receo. A conciencia colectiva do mundo rural galego e o modo de pensar da sociedade burguesa ascendente eran irreconciliables.

Ós quince anos Rosalía foi vivir a Santiago. Alí entrou en contacto coas clases medias provincianas, os do “quero e non podo”, que sempre desdeñaría. Entre estes ela sentíase marxina. Mais tamén foi en Santiago onde coñeceu ós estudantes novos radicais, en particular a Aguirre e Pondal. Cobixados polo clima favorable do Bienio progresista que seguiu a revolución de 1854, estes e un nutrido grupo de profesionais e intelectuais que incluía a Murguía, Pérez Ballesteros, Juan Compañel, Eduardo e Alejandro Chao, traballaban para difundir-las súas ideas políticas en Galicia. As súas

(10) M. Cuadrado, “El horizonte político de la Revolución española de 1868”, *Revista de Occidente* 67 (1968), pp. 19-35, p. 23.

ideas progresistas estaban enraizadas no romanticismo e o utopismo francés (como eran as de Faraldo e Ramón de la Sagra); tamén na democracia cristiá (11). O utopista Fourier propuxera como sociedade ideal unha comunidade rural pre-capitalista que parecía o sistema idóneo para Galicia. Pero os mozos provincialistas galegos, ó adherirse a estas doutrinas, pecaban dun idealismo impracticable e confuso. A maioría militaban no partido Progresista e entre as súas actividades políticas máis concretas estableceron unha prensa progresista (*El Clamor de Galicia, La Oliva, El Miño*, estes últimos fundados polos irmáns Chao). Tamén celebraron un Banquete en Conxo para conmemoralo Levantamento de 1846. Alí Pondal e Aguirre leron cadanseu brindé revolucionario e, máis tarde, Aguirre foi acusado de herexía. Para estes románticos, ser poeta era unha das vocacións máis altas. O poeta infundiría ó público con entusiasmo e ensinaría o camiño á perfección.

Non sabemos ata que punto Rosalía participaba nestas actividades antes de casar. Era boa amiga de Pondal e coñecía a Aguirre antes do 1857. Ademais, os estudantes radicais atacaban precisamente esa sociedade burguesa e materialista que ela despreciaba. Conxecturemos que simpatizaba coas ideas progresistas alomenos co idealismo utópico e a fe na humanidade que caracterizaba ós románticos. Con esta hipótese achegarémonos a dúas das súas obras temperás, *La Flor e La hija del mar*.

A poesía de *La Flor* é pouco orixinal e axústase ás normas estéticas románticas. En España había dúas escolas románticas: a histórica de Zorrilla e Fernán Caballero que, ó rexeitalo presente, procuraba unha orde ideal nas antigas tradicións, e maila radical que miraba cara a un futuro perfecto. En *La Flor* hai poesía narrativa pero non histórica. A visión do mundo que se deixa ver alí é a dos románticos radicais. Descríbese unha serie de individuos sumamente idealistas que, desbotando calquera compromiso cunha realidade pragmática, soñan e engananse para logo desenganarse e finalmente desesperarse. Esta era a pauta establecida polos verdadeiros románticos como Espronceda. ¿Por que imitara Rosalía precisamente a Espronceda? Porque, anque morto dende 1842, aínda se recoñecía a Espronceda como o poeta militante e revolucionario do liberalismo progresista. Aurelio Aguirre foi un dos seus discípulos e Murguía considerouno o único poeta contemporáneo significante (12). Obviamente, ó imitar a Espronceda, Rosalía identificábase co seu estilo. En *La Flor* hai máis pesimismo ca rebeldía, porque Rosalía salientaba este aspecto da convención romántica sen ser necesariamente nin pesimista nin rebelde ela mesma. Murguía, ó recoñecer en *La Flor* estes gustos estéticos afíns, gabou á autora e mailas súas poesías no gran xornal progresista de Madrid, *La Iberia* (13). Así promovía indirectamente a cultura e o progresismo galego.

(11) Véxase Manuel Murguía, *Los Precursores*, Biblioteca Galega, A Coruña, 1885, pp. 33-35, 50-54, 137-139. A. Alfonso Bozzo, *Intelectuais e galeguismo*, Akal, Madrid, 1977, pp. 11-21.

(12) M. Murguía, "D. Saturnino Álvarez Bugallal", *Ilustración Gallega y Asturiana* 4, 10 febreiro 1879, p. 37. Robert Marrast, *José de Espronceda et son temps*, Fontenay-le-Comte, 1974.

(13) En Ricardo Carballo Calero, *Estudios rosalianos*, Galaxia, Vigo, 1979, pp. 24-28. Publicada orixinalmente en *La Iberia*, 12 de maio do 1857.

Deste xeito Rosalía entrou en contacto con Murguía, daquela líder dos provincialistas radicais. A súa primeira novela, *La hija del mar* (1859), publicada na imprenta do progresista Compañel pero escrita, seguramente, antes de casar aínda amosa unha visión idealista da vida. Sen embargo, o lamento resignado de *La Flor* foi substituído por unha forte agresividade e un confiado reto á sociedade contemporánea. A autora adquirira unha marcada conciencia social. A novela trata da opresión dos pobres e das mulleres, vítimas da inxusticia social representada por Anso. Anso encarna a riqueza, o artificio, a hipocresía a corrupción e o pragmatismo da moderna civilización capitalista. A antítese é o mundo sinxelo dos pescadores e a natureza. Son as mulleres (Teresa, Candora, Angela) as que se rebelan contra o seu opresor e saen victoriosas. O fracaso de Esperanza e Fausto amosa a futilidade da sumisión. En lugar de se preocupar por nocións abstractas (o tempo, o destino), aquí Rosalía defende os dereitos da muller, o que concorda co seu artigo "Lieders". Ademais escolleu como modelo as novelas sociais ou folletíns da feminista romántica George Sand, a quen gaba no prólogo. Está claro que Rosalía interesouse polos problemas da muller e dos oprimidos en xeral antes de inquietarse polos problemas específicos de Galicia, e tamén que se identificou desde os primeiros momentos coa ala radical do romanticismo.

A etapa central da vida de Rosalía, dende os vinte ata os corenta anos máis ou menos, abrangue o período no que parecía que a "Gloriosa" e a República por fin imporían o progresismo en España. Os sesenta eran anos cheos de optimismo para os que loitaban en contra do reinado de Isabel. Para acadalo seu obxectivo, os reformistas crearon un clima de oposición por medio da cultura, tanto en Madrid como nas provincias (14). Rosalía, casada e vivindo en Galicia e Madrid, participou cos seus escritos. Escribiu moita prosa belixerante de crítica social ("El cadiceño" 1863, "Las literatas" 1866, "Ruinas" 1866, *El caballero de las botas azules* 1867) e, claro está, *Cantares gallegos*. No apoxeo da súa carreira literaria en España (*Cantares gallegos* publicouse por segunda vez en 1872) Rosalía gozaba de popularidade, e en Galicia desempeñaba un papel importante como escritora. Traballaba por unha causa na que tiña moita fe: conseguí-los dereitos das minorías (os galegos, as mulleres) e establecer unha ética social baseada na liberdade e no respecto mútuo.

Foi Murguía quen a animou e a axudou. Era xornalista e escritor acreditado en Madrid, onde traballaba para difundir unha imaxe prestixiosa de Galicia. Progresista e quizais democrata, colabora cos seus compañeiros en Galicia para fomentar alí un renacemento cultural. Pouco a pouco o provincialismo convertíase ó federalismo. Para Murguía, discípulo de Fichte e Herder, o máis importante na formación dunha nación era o idioma autóctono. Nin o carácter nin o modo de pensar galego se podían expresar a través do castelán (15). Así (seguindo o consello de Vicetto) animou

(14) J. Ferrando, "La generación de 1868 y el pensamiento federal de Pi y Margall", *Atlántida*, 36 (1968), pp. 622-641. Véxase tamén Francisco Villacorta Baños, *Burguesía y cultura. Los intelectuales españoles en la sociedad liberal 1808-1931*, Siglo XXI, Madrid, 1980, pp. 248-259.

(15) Vicente Risco, *Manuel Murguía*, Galaxia, Vigo, 1976, pp. 79, 127.

á súa muller e escribir en galego, xa que ela coñecía ben. Tamén a puxo en contacto cos radicais en Galicia e en Madrid e axudouna a publica-las súas obras (cos seus amigos Compañel ou Soto Freire e en *El Museo Universal*) (16). De feito, foi a prensa progresista quen promoveu a obra de Rosalía (a reseña de *La Flor* en *La Iberia*, a de *A mi madre* en *La Discusión*, xornal de Pi y Margall, a de *Cantares Gallegos* en *La Democracia*, xornal de Castelar, etc.) gracias ás amizades de Murguía. Despois da Revolución os mesmos amigos concedéronlle a Murguía un posto de funcionario que disfrutaría ata a Restauración.

As obras de Rosalía publicadas nos anos sesenta son testemuña da súa visión crítica da sociedade contemporánea. Todos coñecen a importancia de *Cantares gallegos* no incipiente movemento nacionalista galego. Rosalía elevou unha lingua coloquial á categoría de idioma literario e a canción popular ó nivel da poesía erudita. Igual que moitas poetas que entón descubrían a riqueza da cultura popular e rexional, abandonou a convención literaria romántica pola da lírica tradicional e o castelán polo galego, aínda considerado por moitos un dialecto vulgar. Así exaltaba o campesiño e o seu mundo. Difundiou os costumes tradicionais, base da identidade nacional galega, e á vez ofreceu unha aguda crítica social e política, directa e indirecta. Por exemplo, os termos de parentesco nesta poesía reflexan a ideoloxía nacionalista de Murguía. Segundo Herder, as nacións eran divisións naturais, unha extensión da familia e a tribu. Cada persoa tiña un dereito tan natural a pertencer á súa propia nación, a "madre patria", como a súa familia (17). En "A Gaita Gallega" de *Cantares gallegos* Galicia é a filla pobre, abandonada pero fermosa dunha nai perversa e antinatural, España. Galicia, triste e sen país (patria) ten que deixar ós seus fillos, os emigrantes, andar polo mundo buscando pan. Os galegos non deben bota-la culpa a súa nai, Galicia, senón á nai da gran familia, España. A mensaxe política deste Cantar provocou bastante controversia mesmo nos círculos progresistas de Madrid, a pesar de que a censura de entón impuxera moita cautela.

El caballero de las botas azules tamén deixa ver indirectamente a ideoloxía de Rosalía. Nesta novela critica a vida e a cultura decadente da burguesía e a aristocracia de Madrid. Pero hai máis; aquí Rosalía amosa que simpatizaba coas ideas krausistas daqueles reformadores que buscaban unha moralidade e un código de conducta novo para unha España rexenerada. O heroe, o cabaleiro, encarna "lo bello ideal" descrito por Sanz del Río no seu *Ideal de la humanidad* (1865), a harmonía perfecta do real e o ideal ó que o home debe aspirar. O heroe representa unha filosofía militante a pesar dos contemplativos elitistas como Albuérniga. Axita e instrúe unha sociedade depravada e egoísta en nome da rectitude, o traballo e a compaixón. Tamén é o Redentor que provoca unha revolución, non de seres senón da sabiduría: a cidade está bombardeada de libros. Parece que, en vísporas da Revolución de 1868, Rosalía vía o futuro con ollos optimistas. Ó mesmo tempo percíbense as limitacións do seu

(16) Catherine Davies, "Manuel Murguía, Rosalía de Castro y el Museo Universal", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXII, 96-97 (1981), pp. 427-452.

(17) A.D. Smith, *Theories of Nationalism*, Duckworth, London, 1971, pp. 16-17.

idealismo, aquí unha mistura do krausismo, o utopismo e a relixión cristiá. Acepta as divisións sociais crendo que a honradez natural do home o levaría á responsabilidade social. O feito de que isto non sucedese en España, unha vez logrado un marco político favorable, desilusionaría profundamente a Rosalía.

En 1874 cae a República. Un ano máis tarde Murguía, con seis fillos que manter, era cesante. En 1876 morre Adriano. Xa nos oitenta, Rosalía cae enferma, inda que xa escribira moitos dos poemas de *En las orillas del Sar*. Vive soa en Padrón cos seus fillos; Murguía ten que traballar en Madrid. Sen embargo, estes contratemplos persoais poderíanse superar senón fose polo clima de desencanto que reinaba entre tódolos asociados á causa progresista-republicana, agora unha causa desacreditada e mesmo burlada. Estaban no poder os de sempre; unha oligarquía conservadora que mantiña o centralismo e mailas desigualdades sociais e que presentaba como valores o materialismo, o escepticismo, o conformismo. Nos seus escritos Rosalía simpatizara cunha cultura diferente; local, popular, librepensadora. Polo tanto, para a cultura oficial da Restauración, Rosalía era unha ameaza (18). Non só a atacaron a Igrexa e a prensa conservadora, senón que tamén os críticos e escritores establecidos a recriminaron ou pasaron a súa obra por alto. O peor era que o apoio de Rosalía en Galicia se desintegrara. Non puido identificarse co Rexionalismo conservador de Brañas. E aínda Galicia seguía pobre e abandonada. Rosalía era unha escritora illada tanto en España como en Galicia. Frustrada, ás veces burlada, perdera o seu papel como escritora e a súa fe no progreso da humanidade. Arrinconada en Galicia, todos a esqueceron salvo os seus amigos republicanos e as comunidades galegas de América. Aquí é onde hai que busca-las raíces do pesimismo na obra posterior de Rosalía; na súa situación insostible en España e Galicia.

A poesía escrita por Rosalía despois de 1875, aproximadamente, expresa unha visión pesimista da vida, pero non é un pesimismo negro e uniforme. A decepción, causada pola perda das aspiracións e a confianza, dá lugar a varias reaccións coexistentes: I) a dúbida e a perplexidade cando se afrontaba cun mundo aparentemente sen lei nin sentido; II) o cinismo e o escepticismo; III) o desprecio e a agresividade. En *Follas Novas* o pesimismo complementase por unha sensación de discordia e caos que se ve non só nos temas senón tamén na antítese na forma. Aquí, parece que o home, carente dun deus protector, non pode fuxir do seu destino nin das forzas dun universo malévolos. En *En las orillas del Sar* o pesimismo relaciónase co desafío. Discúlpase a “los tristes”, os derrotados como Rosalía, e condénase ós perseguidores e pídese vinganza. A poesía mostra aínda, unha constante busca dun senso á vida, un desexo de crer nun deus benévolo, o amor, a felicidade, as posibilidades do espírito humano. O pesimismo nunca é total; máis ben leva a unha visión trágica da vida. Este era o credo dunha Rosalía desarraigada (19). O mesmo desapego á socie-

(18) Vexa, C. Davies, “Rosalía de Castro’s later poetry and antiregionalism in Spain”, *Modern Language Review* 79, 3 (1984), pp. 609-619.

(19) O desligamento do sentido da alienación segundo Marx. Véxase Raymond Williams, *Keywords*, Flamingo, London, 1983, pp. 35-36 e, para unha consideración máis detallada, J.-P. Sartre, *What is literature?*, Methuen, London, 1950, pp. 49-64 e 82-122.

dade e ás súas convencións literarias, tanto galegas como españolas, levouna ós experimentos formais e á linguaxe hermética e simbólica na súa poesía. Creou así a súa propia realidade inconformista.

Chégase a unha apreciación mellor do pesimismo de Rosalía tendo en conta o contexto socio-histórico. É certo que o pesimismo non deixa de ser síntoma sicolóxico, pero cabe velo como síntoma sicolóxico do home ou da muller limitados por unha cultura, unha civilización. Freud explica en, por exemplo, *O malestar na cultura* (1930) como o home, ó buscar sobre tódalas cousas a felicidade ideal, ten que reprimilos seus desexos instintivos polo ben da comunidade. Imponse unhas restricións, créase unha conciencia que, segundo as circunstancias sociais, lévao á culpabilidade, á ansiedade e á insatisfacción. Trátase de explorar as relacións entre a sociedade humana e o inconsciente do individuo. Quizais vindeiros traballos sobre o pesimismo de Rosalía poidan aproveitar as novas interpretacións de Freud que teñen presente tanto a socioloxía como a sicoloxía e, no caso dalgúns, a lingüística (20).

(20) Sigmund Freud, "Civilization and its Discontents" in *Civilization, Society and Religion*, Pelican Freud Library Vol. 12, Middlesex, 1985, pp. 251-340. Terry Eagleton, *Literary Theory*, *op. cit.*, pp. 151-193. Jacques Lacan, *Écrits*, Tavistock, London, 1977. Harold Bloom, *Figures of Capable Imagination*, Scobury, New York, 1976. Estas son soamente algunhas referencias. (Véxase a ponencia de D. Vitor M. Aguiar e Silva neste Congreso).